

POLÍTICA DE CALIDADE EDITORIAL

Edicións USC ten a misión de editar, difundir, comercializar e intercambiar libros, revistas e outras publicacións realizadas con cargo afondos universitarios, calquera que sexa o seu soporte de edición e acorde ao carácter das mesmas definido polo seu Regulamento.

De acordo con esta misión, os obxectivos fundamentais da editorial son os seguintes:

- Publicación das obras
- Difusión, distribución e comercialización das obras editadas
- Promoción da difusión aberta de publicacións en soporte dixital
- Colaboración na adquisición de fondos da biblioteca universitaria a través do intercambio de publicacións propias con outras universidades ou organismos oficiais e privados
- Promoción e estímulo da produción dixital

Para o cumprimento destes obxectivos, a política de calidade de Edicións USC desenvólvese nunha dobre dirección, que implica equipos humanos e fluxos de traballo diferenciados, aínda que executados baixo unha estreita coordinación.

Por unha parte, o persoal do departamento editorial, técnico e interno á organización, é o responsable directo de garantir a **calidade formal** do produto: corrección lingüística (ortográfica, gramatical, sintáctica), de estilo (propiedade da expresión e calidade da redacción) e ortotipográfica; funcionalidade e estética do deseño e máxima operatividade do soporte (impreso ou dixital).

Por outra parte, todos os produtos da editorial son sometidos a controis de **calidade conceptual e científica**, que se asegura, tal e como se describe a continuación, entres procesos editoriais diferenciados.

1. USC Editora. No caso dos orixinais destinados a calquera das nove series do selo USC Editora (*Académica; CELE. Cuadernos de Español como Lengua Extranjera; Clave; Ensaio; Lucus Lingua; Lucus Littera; Manuais; Textos; Verba Anexos*), a calidade conceptual e científica asegúrase a través dun proceso de avaliación por pares 'dobre cego', édicir, confidencial en ambas as dúas direccións (autor-avaliador; avaliador-autor). Este proceso, detallado claramente na sección II do Regulamento da editorial, supón un triplo filtro: un avaliador interno á USC e dous avaliadores externos á USC.

Avaliación interna. Os avaliadores internos noméaos a Comisión Editorial Académica, a proposta da dirección do SPIC, e son profesores de prestixio da Universidade de Santiago de Compostela pertencentes a 23 áreas temáticas. Desde a recepción do orixinal eo seu correspondente acuse automático de recibimento, o prazo para a avaliación interna do orixinal e a súa comunicación ao autor é **dun mes**. O informe do avaliador interno oríéntase fundamentalmente a ditaminar se o orixinal, en función das súas características inicialmente observadas (formais, de estilo, de estrutura, de eventual oportunidade e interese e de actualización; véxase formulario), está en condicións de pasar, ou non, á segunda fase de avaliación externa. Por tanto, segundo o resultado do ditame do avaliador interno: a) o orixinal pasa á fase de avaliación externa no seu estado actual; b) o orixinal pode pasar á fase de avaliación externa, previa a incorporación dun conxunto de modificacións e propostas de corrección, para a cal o autor dispón do prazo **dun mes**, contado desde a data de comunicación do ditame do avaliador interno; c) o orixinal non pasa á fase de avaliación externa. Nos casos a) e, eventualmente, b), o prazo para o envío a avaliación externa é de **15 días**.

Avaliación externa. A fase de avaliación externa encoméndase a dous especialistas na materia específica do orixinal, independentes e alleos á Universidade de Santiago de Compostela. Estes especialistas son propostos polo avaliador interno, que, no seu caso, debe incluír no formulario de avaliación un elenco de cinco nomes enumerados por orde de preferencia, en función do, ao seu xuízo, grao de especialización na materia do orixinal, preferencia que, naturalmente, debe ser respectada polo equido da editorial.. Estes dous especialistas someten o orixinal a unha minuciosa disección teórica, conceptual e metodolóxica de todos aqueles aspectos susceptibles de mellora, en función de criterios comoadequación ao fin proposto, orixinalidade do tratamento, actualización e oportunidade, coherencia estrutural, arquitectura epigráfica adecuada, conforme o formulario de avaliación do sistema. O prazo para a avaliación externa, desde a data de aceptación do avaliador, é de tres meses. Segundo o resultado da avaliación externa, a) o orixinal, a partir dunha avaliación positiva de ambos os informantes, debe incorporar todas as propostas de modificación e corrección destes; b) en caso dunha discrepancia manifesta na avaliación dos informantes (unha positiva e unha negativa), procederase á solicitude dun terceiro informe de avaliación (a partir do devandito elenco proporcionado polo avaliador interno), que, de novo, contará para a súa recepción cun prazo de **tres meses** contados a partir da data de aceptación; c) a edición do orixinal, a partir dunha avaliación negativa de ambos os informantes, desestímase. A Comisión Editorial Académica é o órgano encargado de valorar a avaliación externa do orixinal e ditaminar en consecuencia. Unha vez recibidos os informes dos avaliadores, o prazo máximo para a súa presentación á Comisión Editorial Académica é de **tres meses**, contados a partir da data de recepción do último dos dous informes. O ditame da Comisión, xunto á copia dos informes confidenciais dos avaliadores externos, será remitido pola dirección do SPIC ao autor nun prazo máximo de **15 días** tras a data de reunión da Comisión. No caso dunha avaliación positiva, o autor dispón do prazo máximo **dun mes**, contado desde a data de comunicación da resolución, para entregar a nova redacción do orixinal, modificada de acordo ás suxestións e indicacións dos avaliadores. O equipo editorial do SPIC, que exerce a coordinación de todo o proceso, comprobará finalmente que a nova versión axústase ao suxerido e indicado polos avaliadores e dispón dun prazo máximo de **seis meses** para a edición e produción da obra.

USC Editora é un selo certificado ([certificación de AENOR](#); [certificación de IQNet](#)) coa norma UNE-EN-ISO 9001:2015 de sistemas de xestión da calidade. Neste marco, establécense obxectivos de calidade que son revisados anualmente e, coa implicación de todo o equipo de traballo na súa consecución, perséguese mellorar de forma continua a eficacia e eficiencia dos procesos que rexen o selo USC Editora, incrementando así o valor da marca e garantía de rigor desta opción editorial.

2. Coleccións con director e/ou consello científico (*Biblioteca de Divulgación-Serie Galicia; Biblioteca de Divulgación-Serie Científica; Biblioteca de la Cátedra de Cultura Cubana 'Alejo Carpentier'; Biblioteca de la Cátedra Valle-Inclán; Biblioteca do CIFEX; Cadernos do CIPPCE; Cadernos do Mediador; Clásicos do Pensamento Universal; El Camino del Medievalista; Festina Lente. Estudos da Literatura e a Cultura; Migra Papers. Studies on Cultural Migrations; Publicaciones de la Cátedra 'José Ángel Valente' de Poesía y Estética; Publicacións da Cátedra Juana de Vega; Publicacións do Departamento de Xeometría e Topoloxía*). No caso dos orixinais destinados a coleccións, son a dirección da colección e/ou os consellos científicos quen certifican a calidade dos orixinais, tras a análise, lectura, e mesmo, nalgúns casos, a solicitude

3. Obras de responsabilidade científica externa. No resto dos casos, as obras editadas fóra de colección, actas de congresos, homenaxes, etc., conforme o art. 6.1.c. do Regulamento da editorial, son de exclusiva responsabilidade conceptual e científica do departamento, instituto, grupo ou proxecto de investigación que as promove e, polo tanto, financia na súa totalidade.

En todos os casos, para seren editadas, as obras precisan da aprobación ou visto e prace da Comisión Editorial Académica, formada por dez membros pertencentes ás cinco grandes áreas do coñecemento (Ciencias da Saúde; Ciencias Sociais e Xurídicas; Artes e Humanidades; Ciencias; Enxeñaría e Arquitectura), que se reúne polo menos tres veces ao ano.

Todos os procedementos editoriais descritos son transparentes para as partes implicadas (autores, avaliadores internos, avaliadores externos, editores e editores técnicos), —aínda que, obviamente, confidenciais cando é necesario—, pois se executan no contextotecnolóxico do Portal Dixital de Libros da USC Lib{USC}, desenvolvido baixo o software OMP, que, por un lado, permite ás partes a realización en liña das tarefas e roles que lles correspondan e, por outro, rexistra e arquiva a historia editorial completa de cada orixinal (comunicacións, informes, ficheiros nas súas diferentes versións, etc.).

Data. 22.10.24

Juan L. Blanco Valdés

Director

Edicións USC